



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 29 de setembro de 2016, tomouse coñecemento do asunto seguinte:

"Punto 4.- Dar conta da orde de 14 de xullo de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que resolve non outorgar a aprobación definitiva da modificación puntual nº 4 do PXOM para cambio de usos nas parcelas de equipamento da urbanización Mesón da Auga

Tódolos Concelleiros e Concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da orde de 14 de xullo de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que resolve:

Primeiro.- Non outorgar a aprobación definitiva da modificación puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oleiros, para cambio de usos nas parcelas de equipamento de urbanización Mesón da Auga.

Segundo.- Non interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a citada orde de 14 de xullo de 2016.

Terceiro.- Proceder ó arquivo do expediente.

Cuarto.- Comunicar o acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a XESTUR GALICIA.

Quinto.- Dar por cumprimento o contrato co equipo redactor da modificación FERNÁNDEZ CARBALLADA & ASOCIADOS."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 30 de setembro de 2016.-

Vº e Prace
O alcalde
Ángel García Seoane